



RELATOS CURTOS INFANTÍS NA FIN DO MUNDO

BASES CONCURSO

Conmemorando o **DÍA DO LIBRO**, o 23 de abril, a Biblioteca municipal A Casa do Arco de Fisterra organiza xunto coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Fisterra o **I CONCURSO DE RELATOS CURTOS NA FIN DO MUNDO**.

1.- Os relatos consistirán nunha narración orixinal e inédita, escrita en galego, no que as persoas participantes deben comprometerse a garantir a súa autoría.

(Non se admitirán copia ou modificación de ningunha outra publicación.)

2.- Presentarase un só traballo por participante cunha extensión mínima de 150 palabras e máxima de 300 palabras sen contar o título do relato.

Os traballos serán libres, pero terán que introducirse obrigatoriamente as palabras FISTERRA e a frase FIN DO CAMIÑO, valorándose a inventiva e capacidade creativa.

3.- Co obxecto de garantir a total transparencia e confidencialidade na selección dos traballos, seguiranse as seguintes directrices;

-Os traballos presentaranse en folio A4.

-Cada participante deberá inscribirse no Departamento de Cultura do Concello de Fisterra (Técnica de Cultura), en horario de mañá ou na Biblioteca municipal, en horario de tarde.

-Cada participante asinará o seu relato cun pseudónimo sen que conste no seu relato o seu nome nin apelidos. Nese caso quedará descalificad@ de forma automática.

-Presentaranse 2 sobres por participante:

Sobre A.- Conterá a obra asinada co pseudónimo.

Sobre B.- No cal estarán os datos persoais (nome e apelidos), DNI e o pseudónimo que corresponda.

4.- O xurado estará composto por membros destacados do mundo da cultura e educación de Fisterra.

5.- O prazo de admisión de traballos comezará o 24 de marzo ata o 16 de abril na biblioteca municipal en horario de 17:30 a 19:30 horas. Rúa da Cerca, Casa do Arco, Fisterra.



6.- As categorías serán as seguintes:

De 6 a 8 anos.

De 9 a 11 anos.

7.- PREMIOS:

-Serán elixidas 3 obras finalistas por categoría, as cales serán leídas no evento que terá lugar, o 23 de abril (Día do libro), ás 17:30 horas, no salón de actos do Concello de Fisterra polos seus autores e autoras.

-Os gañadores e gañadoras recibirán o correspondente premio no mesmo evento consistente nun lote de libros e material escolar.

8.- As obras gañadoras serán publicadas na páxina web do Concello de Fisterra e da Biblioteca municipal así como na edición dunha revista a cal será entregada nos diferentes centros educativos da nosa vila e nas súas bibliotecas.

9.- As obras premiadas serán devoltas aos seus autores, só que en caso de publicación, farán referencia a este premio.

10.- Os tutores das persoas participantes deberán asinar a autorización do dereito ou non da súa imaxe nas redes sociais antes mencionadas, durante a celebración do evento.

11.- A participación no concurso supón a total aceptación das bases do mesmo, do xurado e do seu fallo.

12.- O concurso contará cunha Presidenta a cal será Carmen Oroña, voluntaria da Biblioteca municipal e dunha Secretaria, Silvia Sar, Técnica de Cultura do Concello de Fisterra.

Fisterra, 23 de febreiro de 2024

A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo.- Áurea Domínguez Sisto.

